



ISBN: 9788445345054



## climaeu**cambio**

2. TEMPO E CLIMA NA FALA E NA ESCRITA

XUNTA DE GALICIA



Proyecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

## 2 TEMPO E CLIMA NA FALA E NA ESCRITA

Ás persoas gústanos falar moito do tempo; de feito, cando non atopamos temas de conversa e queremos falar con alguén, recorremos a falar do tempo. Ata o de agora, era moi común atoparse con algún coñecido pola rúa ou con algún veciño no ascensor e falar do tempo.

- Ola, dona Rosa! Hoxe parece que vai chover. O tempo volvouse tolo!

Pero nos últimos tempos, a esta conversa uníuselle esta outra:

- No telexornal acaban de dicir que nunca se deran unhas temperaturas tan altas para esta época do ano como as de hoxe. Verdadeiramente en novembro e en manga curta! Seguro que a culpa a ten iso do “cambio climático” !

- **2.1.** Le o texto extraído do libro “**Cambia o clima?**” do proxecto Climántica e responde as cuestións que aparecen ao final.

A idea de cambio climático non sempre se manexa co suficiente rigor, o que pode levarnos a confundir cambios bruscos no estado do tempo atmosférico con cambios climáticos. O cambio climático xa non é algo que só se lea nos libros científicos ou nas publicacións especializadas. O debate trasladouse á rúa, e agora, ademais de falar do tempo atmosférico, é doador que tomado o café no bar da esquina escuitemos ao compañoiro da mesa do lado comentar os novos datos que corroboran un cambio climático.





Pero, sabemos realmente do que falamos ou só repetimos o que escoitamos?

Sen dúbida aceptamos a información que nos chega por diversas canles sen reflexionar moi a fondo sobre a veracidade das mesmas, de aí a proliferación de erros.

Abonda con escoitar os programas de noticias da radio ou da televisión, para darnos conta de que utilizamos mal moitos termos. O caso do clima e o tempo atmosférico é un bo exemplo. Estamos afeitos a escoitar frases como que “debido ás adversas condicións climáticas non se pudo celebrar o partido de futbol”. O tempo meteorolóxico refírese ao estado da atmosfera nun intre determinado [“hoxe chove sen parar”], namentres que o clima é a suma de todos os estados do tempo que se sucederon nunha rexión durante un período máis ou menos amplo.




Sen afastarnos dos medios de comunicación, vemos como as noticias relacionadas co clima se tratan cun discurso alarmista ou catastrofista. Calquera fenómeno meteorolóxico como nevadas intensas, chuvias fortes ou ondas de calor insopportable son achacadas con rapidez a un cambio climático debido á man do home. Pero non debemos esquecer que hai causas naturais que están a influír nas variacións do clima.

A maior parte dos científicos están de acordo en que nos últimos tempos a temperatura global do noso planeta estase a elevar. Se ben se poden discutir as porcentaxes de culpabilidade que temos nós neste proceso, a comunidade científica non ten dúbidas do aumento. Deste xeito teremos que cambiar moitas das actuacións que dende lonxe veñen sendo daniñas e buscar novas vías de desenvolvemento sostible para a vida no planeta.

- **2.2.** Corrixe os errores no pensamento e nas expresións da parella que aparece nas ilustracións deste texto.

- **2.3.** Analiza a seguinte frase:  
"As malas condicións climatolóxicas na etapa ciclista de hoxe, impediron que os afeccionados se acercasen a animar aos esforzados corredores".
- **2.4.** Onde se atopa o erro da frase? Razoa a resposta.
- **2.5.** Asocia as seguintes afirmacións cos conceptos de tempo e clima:
  - a) Os veráns no levante español son secos e cálidos.
  - b) O forte vento que azoutou as costas galegas ocasionou o amarre da frota pesqueira no porto.
  - c) O valor medio anual da temperatura na cidade de Santiago de Compostela é duns 13°C.
  - d) Mañá prognostícase a chegada dunha fronte fría polo noroeste peninsular.
- **2.6.** Á vista destas dúas ilustracións, tendo en conta o lugar e a data, serías capaz de identificar o seu clima e o seu tempo?



- **2.7.** Tendo en conta tamén as definicións recollidas no recadro da páxina seguinte, poderías dicir que cambiou o clima? Razoa a resposta.





**Tempo (atmosférico):** estado da atmosfera nun lugar e momento concretos. P.ex.: Hoxe en A Coruña o tempo é chuvioso.

A meteoroloxía estuda os fenómenos atmosféricos (vento, chuva, neve, saraiba...) e o mecanismo que os produce, intentando a súa predición.

**Clima:** sucesión dos diferentes tipos de tempo durante, como mínimo, un ano. P.ex.: O clima de Galicia é oceánico.

A climatoloxía é a ciencia que o estuda.

**Diferenza entre tempo e clima:** En A Coruña e Río de Xaneiro pode facer o mesmo tempo (P.ex.: chuvioso, frío, soleado,...), pero iso non quere dicir que teñan o mesmo clima (A Coruña: temperado oceánico; Río de Xaneiro: tropical).

- **2.8.** Caracteriza o tempo destas dúas fotos. Podes caracterizar o clima dalgunha maneira? Xustifica a resposta.



- **2.9.** Se os cambios no tempo non implican cambios no clima, en que se basean os científicos cando aseguran que cambia o clima?
- **2.10.** Por que non podemos prever o tempo ao cabo dunha semana e si nos atrevemos a prever o clima dos próximos 50 anos?
- **2.11.** Define **CLIMA** e **TEMPO ATMOSFÉRICO**. Pon un exemplo concreto de cada un.



Facendo unha arriscada comparación: o clima sería coma unha película dos diferentes tipos de tempo.

- **2.12.** O clima que se ve nesta película é máis propio de Madrid (clima continental) ou de Galicia (clima oceánico)? Xustifica a resposta.

O exposto ata aquí pode dar a entender que non hai nada que relate os fenómenos atmosféricos coa escrita, máis aló dos textos científicos e informacións especializada en xornais. Pero isto non é certo posto que ao longo da nosa historia os vínculos entre a meteoroloxía e a narrativa, a poesía e o teatro son moi importantes. Non pode pensarse nun só momento da historia da literatura no que non haxa referenciais á meteoroloxía e ao meteorólogo como unha personaxe sempre presente.

O pobo babilonio, xunto coa cultura grega e romana dedicaron gran parte dos seus escritos, entre outros asuntos, a tratar o tema da climatoloxía como elemento dinamizador das súas estratexias narrativas e dramáticas. A tragedia grega dará un pulo no tratamento dos mitos e consecuentemente tamén do meteorológico.

Dando un gran salto no tempo, tanto a literatura española como a galega contemporáneas están cheas de exemplos nos que podemos observar aos nosos autores tratando dun xeito ou outro o tema da meteoroloxía e sérvense dela para enriquecer as súas obras.





Tamén quedan referencias na escrita dos criterios nos que se basearon ao longo dos tempos as persoas para os seus prognósticos na aprendizaxe memorística de proverbios, frases feitas e refráns e as aplicaban ás súas previsións atmosféricas.

Agora que imos empezar a estudar os elementos do clima, veremos exemplos recollidos do estudo da **lingua e literatura galega** e da **lingua e literatura castelá** que se relacionan con eses elementos.

Para empezar a tratar estas referencias da lingua e literatura castelá empezamos por unha serie de refráns nos que o tema do tempo meteorolóxico desempeña un papel primordial. Velaí algúns exemplos:

## LENGUA

- Después de lluvia, nevada, a disfrutar la velereada.
- Un trueno no repetido nunca buen tiempo ha traído.
- Después de un aguacero viento menos severo.
- Si viene lluvia y después el viento arría todo o métete adentro
- Si la lluvia te coge antes que el viento alista drizas sin perder momento, pero si el viento te cogió primero, iza gavias; arriba marinero!



- Cielo rojo al amanecer, el mar se ha de mover.
- Mucha luz y pocos truenos agua traen por lo menos.
- Si después del viento hay truenos seguirán días muy buenos.
- Si relampaguea y truena viento habrá de donde suena.
- Lluvia por la mañana iniciada traerá noche mojada.
- Si llueve de madrugada a medio día no pasa nada.
- Horizonte claro y relampagueante, tiempo bueno y sofocante.
- Luna amarilla o rojiza que lloverá profetiza.
- Luna amarilla y aguada pronostica una mojada.
- Luna que presenta halo, mañana húmedo o malo.
- Luna al salir colorada anuncia que habrá ventada.
- Truenos con luna nueva prepárese a que llueva.
- Luna llena y mojada trae diez días de aguada.
- Sol poniente en cielo grana, buen tiempo por la mañana.
- Cielo sin nubes y estrellas sin brillo, toma a la gavia un rincón.

Referidos a las indicaciones del barómetro:

- Cuando oscila lentamente es que gran viento presente.
- Si lentamente se eleva es porque el viento se lleva.

- **2.13.** Selecciona **cinco** refranes que tengan relación directa con el tiempo meteorológico y acompaña cada uno de ellos con un **pequeño comentario** sobre su significado.





Na lingua e literatura galega tamén hai moitos refráns que fan referencia ao tempo. Le os completos, completa os demais e fai as actividades que se refiren a eles ao final do listado:

## LINGUA

- Norte ..... , vendaval seguro.
- Ceo empedrado, chan mollado.
- Auga de ..... , nuns sitios pouca e noutrous nada.
- Arco da vella ó poniente, ceiba os bois e vente.
- Sol madrugador, pouco .....
- Gaivotas no porto, tempo revolto.
- Inverno ....., verán caloroso.
- Nordés polo serán, vento do sur pola .....
- Cando o tempo anda ó revés, ata chove do nordés.
- Lúa posta, baixamar na .....
- Cando o Pico Sacro cobre o capelo, nenas da Ulla poñede o mantelo.



● **2.14.** Le os refráns que estean completos. De cantas partes constan? Que signo separa ditas partes? Saberías dicir que teñen en común as últimas palabras de cada parte?

● **2.15.** Para poder ler os demais debes en primeiro lugar encher os espazos punteados coa palabra que mellor lle acaia das que che ofrezo a seguir.

- a) Costa
- b) Mañán
- c) Escuro
- d) Durador
- e) Tronada
- f) Chuviioso

Imos agora cunhas adiviñas en lingua galega, a ver se atinas:

## LINGUA

- Unha saba branca sen algodón, que cobre o mundo e o río non.  
Moitas estreliñas caídas de alto e a miña casiña vistes de branco:  
.....
- Cal é a cousa que anda e non se ve?: .....

Na lingua e **literatura castelá** tamén hai textos sobre tempo e clima de carácter técnico para explicar estes conceptos publicados en xornais e revistas. Le esta lectura dun fragmento do artigo de **Manuel Toharia** extraído do xornal *El Mundo* (15/01/07) *El extraño invierno que asombra a medio planeta* e responde as cuestiós que aparecen ao final do texto.

## LENGUA

Aunque apenas llevamos un mes de invierno , lo cierto es que parece seguir la tónica calurosa del pasado otoño, aunque en esta ocasión sin lluvias. Que no llueva es algo normal en enero – “enero, claro y heladero”, dice el refrán-; que no haya heladas intensas es ya más raro. Y no sólo en España; en Canadá, por ejemplo, el gigante energético Hydro-Québec constataba a finales de diciembre una disminución del consumo de electricidad en aquel país del 25%.





Neste Nadal a neve non se ve,  
e con esta calor non nos temos de pé.



Algunos podrían pensar, a la vista del ahorro energético que eso supone, que no hay mal que por bien no venga; incluidas las rebajas en el precio del petróleo. Pero, ay, el cambio climático acecha... ¿Tiene este episodio cálido algo que ver con el tan cacareado cambio climático? En cuestiones de clima, conviene ir con cuidado. El clima no puede ser casi nunca noticia para los medios de comunicación: su exasperante lentitud – la climatología es ciencia de promedios a largo plazo, nada tiene que ver con el corto plazo ni con la inmediatez de lo noticioso- lo impide. Lo que es noticia, desde luego, es el tiempo. El año 2006 tuvimos en España un enero muy frío, casi al borde del récord de temperaturas bajas a finales de dicho mes. Luego tuvimos una primavera más bien cálida, un julio tórrido, un agosto normalito más bien tirando a fresco, un otoño de temperaturas y lluvias superiores a lo normal ( excepto en las costas mediterráneas, donde no llovió mucho y las temperaturas fueron más normales), y el poco invierno que llevamos está siendo relativamente templado y seco.

Todo esto, ¿es clima? Obviamente, no. Es eso que estudia la meteorología: el tiempo. Hora bien, si cambian los promedios en el futuro, porque estas cosas se repitan con mayor frecuencia que en el pasado, entonces sí podremos referirnos a un cambio climático. A ese cambio climático aluden los científicos cuando lo predicen para finales del S XXI. No a que el año 2006 haya sido 1,3 grados más caluroso que la media...

- 2.16. Haz un resumen en lengua castellana del texto.

- **2.17.** Utilizando os conceptos seguintes extraídos da noticia, redacta un mesmo artigo en lingua castelá e en lingua galega (neste caso deberás traducir os termos da lista):

“Clima”	“Meteorología”
“Tiempo”	“Promedios”
“Cambio climático”	“Largo y corto plazo”
“Climatología”	“Períodos”

Despois de que cho corrixa o teu profesorado, envíao ao enderezo [climantica@xunta.es](mailto:climantica@xunta.es) para que cho publiquen e converterte así nun escritor de Climántica.

- **2.18.** Completa o texto utilizando os conceptos de tempo ou clima segundo corresponda:

O conxunto de fenómenos meteorolóxicos actuantes nun lugar da Terra, nun momento determinado, recibe o nome de .....

Coñécese como ..... o estado medio da atmosfera nun lugar da superficie terrestre.

O ..... apréciase por observación directa dos fenómenos atmosféricos; o ..... só pode apreciarse polo cálculo dos valores medios que ofrecen os fenómenos meteorolóxicos, o cal require a observación deles durante moitos anos.

Podemos entender ben a diferenza entre estes dous conceptos con esta frase:

Galicia ten un ..... húmido pero a semana pasada fixo un ..... moi seco.

- **2.19.** Busca novas publicadas na prensa e recollidas en [www.climantica.org](http://www.climantica.org) sobre como foi o tempo do verán de 2007. Se esta tendencia se repetise ao longo do século XXI, poderíamos estar falando de cambio climático? Convén esperar ese tempo para tomar medidas? Xustifica a resposta.

### Actividade de investigación para comunicar no caderno de bitácora:

- Investiga sobre expresións que se usan onde vives para referirse ao clima propio de cada estación e sobre expresións que se usen para referirse a días que non teñen un tempo normal na época e engade esta información á túa bitácora, ubicado no epígrafe de centros de [www.climantica.org](http://www.climantica.org).
- Investiga sobre outro tipo de refráns e anótaos na túa bitácora



Carballeira na Limia en Ourense un día con néboa en decembro.

